

## Andel de Marabillas

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Na procura do tesouro do Castelo de Sandiás*

O ◊, coñecido polos veciños coma a ◊, sitúase no outeiro do mesmo nome, tendo ó seu pé a pequena aldea do Castro. A Torre do Castro foi edificada sobre un antigo castro, cecais a mediados do século XII.

*Fai xa moitos anos, un grupo de veciños, tanto do Castro como das Pegas, movidos pola cobiza que un deles lle meteu nos miolos co libro dos tesouros ou “◊”, fartáronse de facer buratos por todo o outeiro, ata que cavando, cavando, descubriron o pozo do castelo de pura casualidade. Ó único que sacaron foi uns cantos xerros, ós que non deron a maior importancia, xa que eles o que buscaban era o tesouro, pero como estaban baleiros, tiráronos de novo ou regaláronos. Algúns deles vinos nunha ocasión no Museo, pero non sei como estará referenciado.*

[Lenda recollida por ◊ ([www.culturapopulardesandias.com](http://www.culturapopulardesandias.com)) de boca de J. J. Cid, O Castro, concello de Sandiás (Ourense)]

